

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
15026807	IES Félix Muriel	Rianxo	2023/2024

Área/materia/ámbito

Ensinanza	Nome da área/materia/ámbito	Curso	Sesións semanais	Sesións anuais
Bacharelato	Lingua galega e literatura II	2º Bac.	3	87

Réxime

Réxime xeral-ordinario

Contido	Páxina
1. Introducción	3
2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias	9
3.1. Relación de unidades didácticas	11
3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas	15
4.1. Concrecións metodolóxicas	72
4.2. Materiais e recursos didácticos	76
5.1. Procedemento para a avaliación inicial	77
5.2. Criterios de cualificación e recuperación	79
6. Medidas de atención á diversidade	82
7.1. Concreción dos elementos transversais	84
7.2. Actividades complementarias	90
8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro	91
8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora	93
9. Outros apartados	95

1. Introducción

A materia de Lingua Galega e Literatura no bacharelato, como na ESO, ten como obxectivo xeral o desenvolvemento da competencia comunicativa do alumnado, para que, a través dela, as alumnas e os alumnos poidan interactuar satisfactoriamente en todos os ámbitos que formarán parte da súa vida. Ademais contribúe ao desenvolvemento de todas as competencias recollidas no perfil de saída do alumnado ao termo do ensino básico, tal e como recolle o Decreto 157/2022, do 15 de setembro, polo que se establece a ordenación e o currículo do bacharelato: oriéntase tanto á eficacia comunicativa na produción, recepción e interacción oral, escrita e multimodal, como a favorecer un uso ético da linguaxe que poña as palabras ao servizo da convivencia democrática, a resolución dialogada dos conflitos e a construción de vínculos persoais e sociais baseados no respecto e a igualdade de dereitos de todas as persoas. A lingua apréndese non para falar, ler ou escribir sobre a lingua, senón para falar, ler e escribir sobre emocións, afectos e aventuras, sobre o mundo, como medio das relacións interpersoais e recoñecemento da alteridade, motor do noso pensamento e das nosas reflexións, e porta de acceso ao coñecemento. Neste marco, a formación lingüística no contexto escolar é un instrumento para a equidade, xa que debe facilitar os medios necesarios para comunicar no ámbito educativo e na vida profesional e social, nomeadamente en contextos formais e educativos,

ademais de sensibilizar cara a usos creativos e lúdicos das linguas, e achegar ao patrimonio literario e cultural que estas propician. En consecuencia, a lingua é unha das ferramentas fundamentais que vai utilizar o alumno/a:

- . Para relacionarse en sociedade e achegarse a outros pobos e culturas, é dicir, para a comprensión e posta en valor da realidade plurilingüe en que nos movemos ou, como sinala o Decreto 157/2022, do 15 de setembro, para o recoñecemento da diversidade lingüística e dialectal de Galicia, da Península Ibérica e do mundo, co propósito de favorecer actitudes de aprecio por esa diversidade, combater prexuízos e estereotipos lingüísticos e estimular a reflexión interlingüística e sociolingüística.

Este é o primeiro dos obxectivos, vinculado ao primeiro dos catro bloques en que se distribúen os criterios de avaliación e os saberes básicos, «As linguas e os seus falantes».

- . Para analizar criticamente a información e xerar e difundir ideas e opinións, é dicir, para unha aprendizaxe instrumental ou, como sinala o Decreto 157/2022, do 15 de setembro, para a produción, comprensión e interacción oral e escrita, incorporando as formas de comunicación mediadas pola tecnoloxía e atendendo aos diferentes ámbitos de comunicación: persoal, educativo, social e profesional.

Así o recollen os obxectivos dous, tres, catro, cinco e seis, vinculados ao segundo dos bloques da materia, «Comunicación».

. Para expresar a súa afectividade e regular as súas emocións a través da lectura, servíndose da literatura como fonte de pracer e enriquecemento persoal ou, como sinala o Decreto 157/2022, do 15 de setembro, a respecto da competencia literaria, para desenvolver unha maior capacidade de abstracción e sistematización, así como o manexo dunha metalinguaxe específica que permita unha aproximación máis reflexiva aos usos orais e escritos a través de dúas modalidades de lectura guiada e autónoma.

Así o recollen os obxectivos sete e oito, vinculados ao terceiro bloque da materia, «Educación literaria».

. Para reflexionar sobre o funcionamento da lingua, é dicir, para a aprendizaxe formal da propia lingua ou, como sinala o Decreto 157/2022, do 15 de setembro, para abordar a aprendizaxe sistemática da gramática a través de procesos de indagación, establecendo unha relación entre coñecemento gramatical explícito e uso da lingua, a partir da reflexión e da comunicación de conclusións coa metalinguaxe adecuada.

Este á o noveno dos obxectivos, vinculado ao cuarto bloque da materia, «Reflexión sobre a lingua».

. Para desenvolver unha ética da comunicación, como sinala o Decreto 157/2022, do 15 de setembro. Este é o décimo obxectivo, transversal a todos os anteriores, polo que debemos procuralo nos catro bloques da materia. Esta Introducción, así como a presente Programación Didáctica, ten como marco legal de referencia o cap.IV da

LOE 2/2006, refundido na LOMLOE, e o Decreto 157/2022, do 15 de setembro, polo que se establece a ordenación e o currículo do bacharelato.

CONTEXTUALIZACIÓN

O IES Félix Muriel é o único centro de ensino secundario e postobrigatorio do concello de Rianxo. A el están adscritos, polo tanto, todos os Colexios de Educación Infantil e Primaria do termo municipal. Dada esta situación, sería de esperar que a oferta do noso centro educativo fose plural e diversa, para poder atender ás necesidades e expectativas do alumnado deste concello. A pesar diso, o noso centro só ofrece as ensinanzas regradas obrigatorias na ESO, cunha atención á diversidade e ás necesidades educativas do alumnado que vén de enriquecerse coa oferta do primeiro curso do Programa de Diversificación Curricular (PDC); se ben a oferta no ensino postobrigatorio segue a ser raquítica e non dá cabida ás necesidades da contorna, pois só oferta dúas liñas no Bacharelato e un Ciclo Formativo de Atención Sociosanitaria. Tendo en conta que no noso centro abunda o alumnado que realiza estudos musicais, non é doado para eles combinalos cun Bacharelato que non se corresponde cos seus intereses, polo que moitas veces deben trasladarse a outro centro e, polo tanto, a outro concello. Por outra banda, o noso Ciclo Formativo precisaría dunha FP Básica acorde cos seus módulos e dunha continuidade a través dun Ciclo Superior. Ademais falta algún outro tipo de oferta formativa relacionada cos intereses económicos e produtivos da contorna, dado que Rianxo é un pobo que segue a vivir do

mar.

Con respecto á situación social que vive aquí a nosa lingua, cabe dicir que Rianxo é unha vila moito menos castelanizada que as da súa contorna (A Pobra, Boiro ou Ribeira). Como recolle o informe realizado polos técnicos da RAG, MAPA SOCIOLINGÜÍSTICO ESCOLAR DO IES FÉLIX MURIEL 2022-2023, "O IES Félix Muriel ten un alumnado principalmente galegofalante. Os usos monolingües en castelán non acadan o 20% do alumnado total. A distribución no ciclo medio afástase da xeral do centro, sendo os castelanfalantes o 50% do total". E o que é máis importante: "Os datos de uso habitual correspóndense cos datos declarados sobre a lingua inicial, non apreciándose procesos de cambio lingüístico asociados á escolarización". Estes datos inciden nun "modelo Rianxo" desenvolvido a través dos proxectos de innovación do ENDLG e asentado a través da metodoloxía TIL, como sinala o informe dos académicos cando afirma: "Respecto á idade de aprendizaxe, o alumnado galegofalante adquire ambas as dúas linguas asemade, mentres o alumnado castelanfalante atrasa a adquisición do galego á escolarización obrigatoria, xunto coa lingua estranxeira". Porén, no que refire á autopercepción das competencias e a eficacia, o informe da RAG, coincidindo co que xa sinalamos no PLC elaborado no curso 2017-18, recolle que "a maioría do alumnado síntese máis seguro no galego, en especial na comunicación oral informal. Polo contrario, a percepción da competencia é maior para o castelán nos usos escritos formais e, sobre todo, na

comprensión escrita". Ademais, nos últimos catro anos, detectamos actitudes negativas ou indiferentes cara a lingua por parte dun número de alumnas e alumnos, as cales consideramos que forman parte do elenco de prexuízos sobre a viabilidade do galego na nosa sociedade en xeral. Estes prexuízos medran curso a curso, fornecidos pola falta de apoio institucional para impulsar medidas serias que freen a sangría de falantes, que apoiem o labor dos Equipos de Normalización Lingüística ou que visibilicen a lingua a través dos medios de comunicación de masas.

Dado este contexto, consideramos un obxectivo fundamental para o noso Departamento Didáctico a loita contra os prexuízos lingüísticos desde unha óptica proactiva que sitúe o alumnado como aprendices plurilingües, para que sexan quen de ver a riqueza que supón a aceptación da diversidade como un reforzamento da propia identidade. Ser competente na lingua propia significa saber utilizar esa lingua en todos os ámbitos e situacións de xeito adecuado, e isto implica derrubar prexuízos lingüísticos.

En consecuencia, deberemos prestar unha atención especial aos saberes básicos relacionados coa Historia da Lingua e a Sociolingüística, para unha adecuada construción da conciencia lingüística e un mellor desenvolvemento da competencia plurilingüe. Para isto, buscaremos a coordinación cos outros Departamentos Lingüísticos na procura de estratexias que nos permitan abordar determinados contidos e perseguir os obxectivos do Bacharelato desde a óptica da Lingua Galega como

lingua minorizada no seu propio territorio; non perderemos de vista o obxectivo común que é impulsar a necesaria normalización lingüística para vencer as dificultades da menor presenza e repercusión social do galego, motivadas en moitos casos por eses prexuizos que, como docentes de linguas, nun mundo multicultural e plurilingüe, temos a obriga de desmontar e derrubar.

2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX1 - Explicar e apreciar a diversidade lingüística do mundo a partir do coñecemento da realidade plurilingüe e pluricultural da Península Ibérica (e, máis concretamente, do portugués, catalán e éuscaro) e a riqueza dos bloques e áreas dialectais do galego, así como da reflexión sobre os fenómenos do contacto entre linguas, para favorecer a reflexión interlingüística, para combater os estereotipos e prexuizos lingüísticos e para valorar esta diversidade como fonte de patrimonio cultural.	1-5	2-3				1-2		1
OBX2 - Comprender e interpretar textos orais e multimodais, con especial atención aos textos académicos e dos medios de comunicación, recollendo o sentido xeral e a información máis relevante, identificando o punto de vista e a intención do emisor e valorando a súa fiabilidade, a súa forma e o seu contido, para construír coñecemento, para formarse opinión e para ampliar as posibilidades de gozo e lecer.	2	2	1	2-3	40	3		
OBX3 - Producir textos orais e multimodais, con atención preferente aos de carácter académico, con rigor, fluidez, coherencia, cohesión e o rexistro adecuado, atendendo ás convencións propias dos diferentes xéneros discursivos, e participar en interaccións orais con actitude cooperativa e respectuosa, tanto para construír coñecemento e establecer vínculos persoais, como para intervir de maneira activa e informada en diferentes contextos sociais.	1-3-5	2	1	2-3		2		

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX4 - Comprender, interpretar e valorar textos escritos, con sentido crítico e diferentes propósitos de lectura con especial atención a textos académicos e dos medios de comunicación, recoñecendo o sentido global e as ideas principais e secundarias, integrando a información explícita e realizando as inferencias necesarias, identificando a intención do emisor, reflexionando sobre o contido e a forma e avaliando a súa calidade e fiabilidade, para dar resposta a necesidades e intereses comunicativos diversos e para construír coñecemento.	2-3-5	2	4	1	40	3		
OBX5 - Producir textos escritos e multimodais coherentes, cohesionados, adecuados e correctos, con especial atención aos xéneros discursivos do ámbito académico, para construír coñecemento e dar resposta de maneira informada, eficaz e creativa a demandas comunicativas concretas.	1-3-5		1	2-3	50	2		
OBX6 - Seleccionar e contrastar información procedente de diferentes fontes, avaliando a súa fiabilidade e pertinencia en función dos obxectivos de lectura e evitando os riscos de manipulación e desinformación, e integrala e transformala en coñecemento para comunicala, cun punto de vista crítico e persoal á vez que respectuoso coa propiedade intelectual, especialmente no marco da realización de traballos de investigación sobre temas do currículo ou vinculados ás obras literarias lidas.	3			1-2-3-4	40	2	3	
OBX7 - Seleccionar e ler de maneira autónoma obras relevantes da literatura contemporánea como fonte de pracer e coñecemento, configurando un itinerario lector que se enriqueza progresivamente en canto á diversidade, complexidade e calidade das obras, e partillar experiencias lectoras para construír a propia identidade lectora e gozar da dimensión social da lectura.	1-4			3	11			2-31-32
OBX8 - Ler, interpretar e valorar obras relevantes do patrimonio galego, lusófono e universal, utilizando unha metalinguaxe específica e mobilizando a experiencia biográfica e os coñecementos literarios e culturais que permiten establecer vínculos entre textos diversos, para conformar un mapa cultural, para alargar as posibilidades de gozo da literatura e para crear textos de intención literaria.	1-4					1		1-2-31-32-42

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX9 - Consolidar e afondar no coñecemento explícito e sistemático sobre a estrutura da lingua e os seus usos, e reflexionar de maneira autónoma sobre as eleccións lingüísticas e discursivas, coa terminoloxía adecuada, para desenvolver a conciencia lingüística, para aumentar o repertorio comunicativo e para mellorar as destrezas tanto de produción oral e escrita como de comprensión e interpretación crítica.	1-2	2	1-2		50			
OBX10 - Pór as prácticas comunicativas ao servizo da convivencia democrática, a resolución dialogada dos conflitos e a igualdade de dereitos de todas as persoas, utilizando unha linguaxe non discriminatoria e desterrando os abusos de poder a través da palabra, para favorecer un uso non só eficaz senón tamén ético e democrático da linguaxe.	1-5	3		3	31	1-2-3		

Descrición:

3.1. Relación de unidades didácticas

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	SD1. E ti que opinas?	Secuencia didáctica pertencente ao Bloque 2, Comunicación, que xira arredor da tipoloxía textual e que está ao servizo das indicacións recollidas no Caderno TIL, cuxa finalidade é a produción de textos argumentativos.	5	5	X		
2	SD2. Que significa?	Secuencia didáctica pertencente ao Bloque 4, Reflexión sobre a lingua, que xira arredor do significado das palabras e das relacións semánticas que se establecen entre elas, coa finalidade de elaborar definicións adecuadas (segundo as indicacións do caderno TIL) ou establecer relacións semánticas entre distintos termos, cuxa finalidade é desenvolver unha boa comprensión textual e producir textos expositivos.	5	5	X		
3	SD3. En galego non mola!	Secuencia didáctica pertencente ao Bloque 1, As linguas e os seus falantes, que xira arredor dos estereotipos e prexuízos lingüísticos, cuxa finalidade é, primeiramente, interpretar, analizar e comentar viñetas relacionadas cos distintos	5	5	X		

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
3	SD3. En galego non mola!	prexuízos e/ou estereotipos sociais; en segundo lugar, desenvolver unha investigación; e, por último, crear un documento audiovisual que analice algún prexuízo, defendendo unha opinión que se sosteña nos argumentos obtidos durante o proceso de investigación a través de entrevistas na rúa a persoas descoñecidas.	5	5	X		
4	SD4. Irmáns na fala	Secuencia didáctica pertencente ao Bloque 1, As linguas e os seus falantes, que se centra na análise da situación social do galego no primeiro terzo do século XX para entender o inicio de dous procesos que chegan aos nosos días: a estandarización e a normalización da lingua galega, seleccionando información de documentos históricos a través de esquemas coa finalidade de producir un comentario crítico.	4	4	X		
5	SD5. Da terra asoballada	Secuencia didáctica pertencente ao Bloque 3, Educación literaria, que xira arredor da lectura e análise de textos pertencentes á poesía das Irmandades da Fala, cuxa finalidade é a produción de comentarios literarios.	4	3	X		
6	SD6. De catro a catro	Secuencia didáctica pertencente ao Bloque 3, Educación literaria, que xira arredor da lectura e análise de textos pertencentes á poesía das Vangardas, cuxa finalidade é a produción de comentarios literarios.	4	3	X		
7	SD7. Nós	Secuencia didáctica pertencente ao Bloque 3, Educación literaria, que xira arredor da lectura e análise de textos pertencentes á prosa da Xeración Nós, cuxa finalidade é a produción de comentarios literarios.	4	3	X		
8	SD8. Airiños de teatro	Secuencia didáctica pertencente ao Bloque 3, Educación literaria, que xira arredor da lectura e análise de textos pertencentes ao teatro do primeiro terzo do século XX, cuxa finalidade é a produción de comentarios literarios.	4	3	X		
9	SD9. A forma das palabras	Secuencia didáctica pertencente ao Bloque 4, Reflexión sobre a lingua, que xira arredor de dous aspectos da Morfoloxía: as partes das palabras e os procedementos para a formación de palabras, coa finalidade de que o significado de morfemas recorrentes sirva para comprender o significado de palabras novas e, polo tanto, sirva tamén para a comprensión textual en xeral; elaborando para iso definicións adecuadas a partir das análises morfolóxicas ou construíndo textos semellantes aos propostos pero incluído ou prescindindo de	5	5		X	

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
9	SD9. A forma das palabras	determinadas palabras ou categorías gramaticais.	5	5		X	
10	SD10. Reintegratas ou isolacionistas?	Secuencia didáctica pertencente ao Bloque 1, As linguas e os seus falantes, que se centra na construción da variedade estándar e na identificación de desvíos normativos, coa finalidade de xerar un debate sobre as dúas propostas normativas, que propicie no alumnado intervencións orais planificadas e a análise de viñetas relacionadas co asunto.	5	5		X	
11	SD11. E ti como falas?	Secuencia didáctica pertencente ao Bloque 1, As linguas e os seus falantes, que se centra nas variedades dialectais e nas semellanzas e diferenzas lingüísticas entre as linguas da Península Ibérica, coa finalidade de xerar un debate arredor dos conceptos de lingua e dialecto, que propicie no alumnado intervencións orais planificadas e a participación nun debate.	5	5		X	
12	SD12. Ortofonías	Secuencia didáctica pertencente ao Bloque 4, Reflexión sobre a lingua, que xira arredor de aspectos de Fonética e Fonoloxía: os sistemas vocálico e consonántico galegos, fenómenos de alteración do vocalismo e do consonantismo semellantes noutras linguas, o seseo e a gheada; coa finalidade de elaborar un informe a partir dos datos obtidos da gravación dunha persoa da contorna do alumno/a, na cal identifique as características fonéticas da súa fala.	5	5		X	
13	SD13. Atila en Galiza	Secuencia didáctica pertencente ao Bloque 1, As linguas e os seus falantes, que se centra na análise da situación social do galego no segundo terzo do século XX para entender o proceso de minorización sufrido pola lingua galega durante o franquismo e as consecuencias na situación social do galego actualmente; seleccionando información de documentos históricos a través de resumos coa finalidade de producir a análise dunha gráfica e/ou o comentario crítico dun documento histórico.	5	4		X	
14	SD14. Exiliad@s	Secuencia didáctica pertencente ao Bloque 3, Educación literaria, que xira arredor da lectura e análise de textos pertencentes á literatura creada no exilio durante a ditadura franquista, cuxa finalidade é a produción de comentarios literarios.	4	3		X	
15	SD15. Farsas da posguerra	Secuencia didáctica pertencente ao Bloque 3, Educación literaria, que xira arredor da lectura e análise de textos pertencentes ao teatro desenvolvido durante a ditadura franquista, cuxa finalidade é a produción de	4	3		X	

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
15	SD15. Farsas da posguerra	comentarios literarios.	4	3		X	
16	SD16. Na longa noite de pedra	Secuencia didáctica pertencente ao Bloque 3, Educación literaria, que xira arredor da lectura e análise de textos pertencentes á poesía desenvolvida durante a ditadura franquista, cuxa finalidade é a produción de comentarios literarios.	4	3		X	
17	SD17. Xente de aquí e de acolá	Secuencia didáctica pertencente ao Bloque 3, Educación literaria, que xira arredor da lectura e análise de textos pertencentes á prosa desenvolvida durante a ditadura franquista, cuxa finalidade é a produción de comentarios literarios.	4	3		X	
18	SD18. Xogando á guerra	Secuencia didáctica pertencente ao Bloque 3, Educación literaria, que xira arredor da lectura e análise de textos pertencentes á Nova Narrativa Galega, cuxa finalidade é a produción de comentarios literarios.	4	3		X	X
19	SD19. Os tempos son chegados	Secuencia didáctica pertencente ao Bloque 3, Educación literaria, que xira arredor da lectura e análise de textos pertencentes á literatura actual, cuxa finalidade é a produción de comentarios literarios.	5	6			X
20	SD20. Neogaleg@s	Secuencia didáctica pertencente ao Bloque 1, As linguas e os seus falantes, que se centra na análise da situación social do galego desde a recuperación da democracia até a actualidade; seleccionando información de diversos documentos coa finalidade de producir a análise dun mapa e/ou o comentario crítico dunha imaxe.	5	4			X
21	SD21. En vías de extinción	Secuencia didáctica pertencente ao Bloque 1, As linguas e os seus falantes, que xira arredor do proceso de normalización da lingua galega e a comparación da situación do galego e do español en épocas, territorios e ámbitos distintos, como linguas hexemónicas e como linguas minorizadas; coa finalidade de producir a análise dunha viñeta e/ou o comentario crítico dun documento audiovisual.	5	3			X
22	SD22. Concienciármonos	Secuencia didáctica pertencente ao Bloque 1, As linguas e os seus falantes, que xira arredor da construción da conciencia lingüística; coa finalidade de revisar e reforzar todas as tarefas realizadas ao longo do curso: definicións, esquemas, resumos, análises, interpretacións, reflexións, comentarios e producións textuais diversas.	5	4			X

3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

UD	Título da UD	Duración
1	SD1. E ti que opinas?	5

Cráterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.5 - Elaborar textos académicos coherentes, cohesionados e co rexistro adecuado arredor de temas curriculares ou de interese social e cultural, precedidos dun proceso de planificación que atenda á situación comunicativa, destinatario, propósito e canle, e de redacción e revisión de borradores entre iguais ou utilizando outros instrumentos de consulta.	Elaborar textos académicos coherentes, cohesionados e co rexistro adecuado arredor de temas curriculares ou de interese social e cultural.	PE	50
CA2.6 - Incorporar procedementos para enriquecer os textos, atendendo a aspectos discursivos, lingüísticos e de estilo, con precisión léxica e corrección ortográfica e gramatical.	Incorporar procedementos para enriquecer os textos, con precisión léxica e corrección ortográfica e gramatical.		
CA2.7 - Identificar o sentido global, a estrutura, a información relevante e a intención do emisor de textos escritos e multimodais especializados, con especial atención a textos académicos e dos medios de comunicación, realizando as inferencias necesarias e con diferentes propósitos de lectura.	Identificar o sentido global, a estrutura, a información relevante e a intención do emisor de textos escritos e multimodais.		
CA4.1 - Incorporar procedementos para enriquecer os textos, atendendo a aspectos discursivos, lingüísticos e de estilo, con precisión léxica e corrección ortográfica e gramatical.	Incorporar procedementos para enriquecer os textos, con precisión léxica e corrección ortográfica e gramatical.		
CA2.1 - Identificar o sentido global, a estrutura, a información relevante en función das necesidades comunicativas e a intención do emisor en textos orais e multimodais especializados propios de diferentes ámbitos analizando a interacción entre os diferentes códigos.	Identificar o sentido global, a estrutura, a información relevante en función das necesidades comunicativas e a intención do emisor en textos orais e multimodais.	TI	50
CA2.2 - Valorar a forma e o contido de textos orais e multimodais especializados avaliando a súa calidade, fiabilidade e idoneidade da canle utilizada, así como a eficacia dos procedementos comunicativos empregados.	Valorar a forma e o contido de textos orais e multimodais especializados avaliando os procedementos comunicativos empregados.		
CA2.4 - Participar de maneira activa e adecuada en interaccións orais (formais e informais) e no traballo en equipo con actitudes de escoita activa e estratexias de cooperación conversacional e cortesía lingüística.	Participar de maneira activa e adecuada en interaccións orais (formais e informais) e no traballo en equipo con actitudes de escoita activa.		
CA2.8 - Valorar criticamente o contido e a forma de textos especializados avaliando a súa calidade e fiabilidade, así como a eficacia dos procedementos lingüísticos empregados.	Valorar criticamente o contido e a forma de textos especializados avaliando a súa fiabilidade a través dos procedementos lingüísticos empregados.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CE2.10 - Avaliar a veracidade de noticias e informacións, con especial atención ás redes sociais e outros contornos dixitais, seguindo pautas de análises, contraste e verificación, facendo uso da ferramenta adecuada e mantendo unha actitude crítica fronte aos posibles nesgos da información.	Avaliar a veracidade de noticias e informacións, con especial atención ás redes sociais, seguindo pautas de análises, contraste e verificación.		
CA4.2 - Revisar os propios textos e facer propostas de mellora argumentando os cambios a partir da reflexión metalingüística e interlingüística e cunha metalinguaxe específica, e identificar e solucionar problemas de comprensión lectora utilizando os coñecementos explícitos sobre a lingua e o seu uso.	Revisar os propios textos e facer propostas de mellora argumentando os cambios a partir da reflexión metalingüística e interlingüística .		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Contexto vinculado ás estratexias de produción, comprensión e análise crítica de textos orais, escritos e multimodais de diferentes ámbitos: compoñentes do feito comunicativo. - Compoñentes do feito comunicativo: grao de formalidade da situación e carácter público ou privado; distancia social entre os interlocutores; propósitos comunicativos e interpretación de intencións; canle de comunicación e elementos non verbais da comunicación. - Os xéneros discursivos desde o punto de vista da comprensión, produción e análise crítica de textos orais, escritos e multimodais. - Propiedades textuais: coherencia, cohesión e adecuación. - Xéneros discursivos propios do ámbito educativo Os textos académicos. - Xéneros discursivos propios do ámbito social. As redes sociais e medios de comunicación. - Procesos de comprensión, produción e análise crítica de diversos tipos de textos orais, escritos e multimodais. - Interacción oral e escrita de carácter formal: tomar e ceder a palabra. Cooperación conversacional e cortesía lingüística. - Comprensión oral: sentido global do texto e relación entre as súas partes, selección e retención da información relevante. A intención do emisor. Detección dos usos discriminatorios da linguaxe verbal e non verbal, dos abusos a través da palabra e dos usos manipuladores da linguaxe. Valoración da forma e o contido do texto. - Comprensión lectora: sentido global do texto e relación entre as súas partes. A intención do emisor. Detección dos usos discriminatorios da linguaxe verbal e icónica. Os abusos de poder e a manipulación a través da linguaxe. Valoración da forma e o contido do texto. - Produción escrita: elaboración: planificación, redacción, revisión e edición en diferentes soportes. Corrección gramatical e ortográfica. Propiedade léxica. - Alfabetización mediática e informacional: procura autónoma e selección da información con criterios de fiabilidade, calidade e pertinencia; análise, valoración, reorganización e síntese da información en esquemas propios e transformación en coñecemento; comunicación e difusión da información reelaborada de maneira creativa e respectuosa coa propiedade intelectual. A xestión de contidos, o almacenamento e a recuperación da información relevante. Noticias falsas e verificación de feitos. - Recoñecemento e uso discursivo dos elementos lingüísticos en textos orais, escritos e multimodais. - Formas lingüísticas de expresión da subxectividade e da obxectividade e das súas formas de expresión nos textos. - Recursos lingüísticos para adecuar o rexistro á situación de comunicación. - Conectores, marcadores discursivos e outros procedementos léxico semánticos e gramaticais que contribúen á

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - cohesión do texto. - Relacións entre as formas verbais como procedementos de cohesión do texto con especial atención á valoración e ao uso dos tempos verbais. - Corrección lingüística e revisión ortográfica, gramatical e tipográfica dos textos. Uso eficaz de dicionarios, manuais de consulta e de correctores ortográficos en soporte analóxico ou dixital. - Os signos de puntuación como mecanismo organizador do texto escrito e a súa relación co significado. - Uso autónomo de dicionarios, manuais de gramática e outras fontes de consulta en soporte analóxico e dixital para obter información gramatical de carácter xeral.

UD	Título da UD	Duración
2	SD2. Que significa?	5

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.5 - Elaborar textos académicos coherentes, cohesionados e co rexistro adecuado arredor de temas curriculares ou de interese social e cultural, precedidos dun proceso de planificación que atenda á situación comunicativa, destinatario, propósito e canle, e de redacción e revisión de borradores entre iguais ou utilizando outros instrumentos de consulta.	Elaborar textos académicos coherentes, cohesionados e co rexistro adecuado arredor de temas curriculares ou de interese social e cultural.	PE	40
CA2.6 - Incorporar procedementos para enriquecer os textos, atendendo a aspectos discursivos, lingüísticos e de estilo, con precisión léxica e corrección ortográfica e gramatical.	Incorporar procedementos para enriquecer os textos, con precisión léxica e corrección ortográfica e gramatical.		
CA2.7 - Identificar o sentido global, a estrutura, a información relevante e a intención do emisor de textos escritos e multimodais especializados, con especial atención a textos académicos e dos medios de comunicación, realizando as inferencias necesarias e con diferentes propósitos de lectura.	Identificar o sentido global, a estrutura, a información relevante e a intención do emisor de textos escritos e multimodais.		
CA2.1 - Identificar o sentido global, a estrutura, a información relevante en función das necesidades comunicativas e a intención do emisor en textos orais e multimodais especializados propios de diferentes ámbitos analizando a interacción entre os diferentes códigos.	Identificar o sentido global, a estrutura, a información relevante en función das necesidades comunicativas e a intención do emisor en textos orais e multimodais.	TI	60
CA2.2 - Valorar a forma e o contido de textos orais e multimodais especializados avaliando a súa calidade, fiabilidade e idoneidade da canle utilizada, así como a eficacia dos procedementos comunicativos empregados.	Valorar a forma e o contido de textos orais e multimodais especializados avaliando os procedementos comunicativos empregados.		
CA2.4 - Participar de maneira activa e adecuada en interaccións orais (formais e informais) e no traballo en equipo con actitudes de escoita activa e estratexias de cooperación conversacional e cortesía lingüística.	Participar de maneira activa e adecuada en interaccións orais (formais e informais) e no traballo en equipo con actitudes de escoita activa.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.8 - Valorar criticamente o contido e a forma de textos especializados avaliando a súa calidade e fiabilidade, así como a eficacia dos procedementos lingüísticos empregados.	Valorar criticamente o contido e a forma de textos especializados avaliando a súa fiabilidade a través dos procedementos lingüísticos empregados.		
CA4.2 - Revisar os propios textos e facer propostas de mellora argumentando os cambios a partir da reflexión metalingüística e interlingüística e cunha metalinguaxe específica, e identificar e solucionar problemas de comprensión lectora utilizando os coñecementos explícitos sobre a lingua e o seu uso.	Revisar os propios textos e facer propostas de mellora, e identificar e solucionar problemas de comprensión lectora utilizando os coñecementos sobre a lingua.		
CA4.3 - Explicar e argumentar a interrelación entre o propósito comunicativo e as eleccións lingüísticas do emisor, así como os seus efectos no receptor, utilizando o coñecemento explícito da lingua e unha metalinguaxe específica.	Explicar e argumentar a interrelación entre o propósito comunicativo e as eleccións lingüísticas.		
CA4.4 - Elaborar e presentar os resultados de pequenos proxectos de investigación sobre aspectos relevantes do funcionamento da lingua, formulando hipóteses e establecendo xeneralizacións, utilizando os conceptos e a terminoloxía lingüística adecuada e consultando de maneira autónoma dicionarios, manuais e gramáticas en soporte analóxico e dixital.	Elaborar e presentar os resultados de pequenos proxectos de investigación sobre o funcionamento da lingua, utilizando a terminoloxía lingüística adecuada e consultando dicionarios e gramáticas.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Os xéneros discursivos desde o punto de vista da comprensión, produción e análise crítica de textos orais, escritos e multimodais. - Propiedades textuais: coherencia, cohesión e adecuación. - Xéneros discursivos propios do ámbito educativo Os textos académicos. - Xéneros discursivos propios do ámbito social. As redes sociais e medios de comunicación. - Procesos de comprensión, produción e análise crítica de diversos tipos de textos orais, escritos e multimodais. - Interacción oral e escrita de carácter formal: tomar e ceder a palabra. Cooperación conversacional e cortesía lingüística. - Comprensión oral: sentido global do texto e relación entre as súas partes, selección e retención da información relevante. A intención do emisor. Detección dos usos discriminatorios da linguaxe verbal e non verbal, dos abusos a través da palabra e dos usos manipuladores da linguaxe. Valoración da forma e o contido do texto. - Comprensión lectora: sentido global do texto e relación entre as súas partes. A intención do emisor. Detección dos usos discriminatorios da linguaxe verbal e icónica. Os abusos de poder e a manipulación a través da linguaxe. Valoración da forma e o contido do texto. - Produción escrita: elaboración: planificación, redacción, revisión e edición en diferentes soportes. Corrección gramatical e ortográfica. Propiedade léxica. - Recoñecemento e uso discursivo dos elementos lingüísticos en textos orais, escritos e multimodais. - Formas lingüísticas de expresión da subxectividade e da obxectividade e das súas formas de expresión nos textos. - Recursos lingüísticos para adecuar o rexistro á situación de comunicación. - Conectores, marcadores discursivos e outros procedementos léxico semánticos e gramaticais que contribúen á cohesión do texto.

Contidos

- Relacións entre as formas verbais como procedementos de cohesión do texto con especial atención á valoración e ao uso dos tempos verbais.
- Corrección lingüística e revisión ortográfica, gramatical e tipográfica dos textos. Uso eficaz de dicionarios, manuais de consulta e de correctores ortográficos en soporte analóxico ou dixital.
- Os signos de puntuación como mecanismo organizador do texto escrito e a súa relación co significado.
- Elaboración de conclusións propias sobre o funcionamento do sistema lingüístico cunha metalinguaxe específica a partir da observación, comparación e clasificación de unidades comunicativas e do contraste entre linguas.
- Diferenzas relevantes e interseccións entre lingua oral e lingua escrita atendendo a aspectos sintácticos, léxicos e pragmáticos.
- A lingua como sistema interconectado tendo en conta os diferentes niveis: fonolóxico, morfolóxico, sintáctico e semántico.
- Relación entre a estrutura semántica (significados verbais e argumentos) e sintáctica (suxeito, predicado e complementos) da oración simple e composta en función do propósito comunicativo.
- Procedementos de adquisición e formación de palabras e reflexión sobre as mudanzas no seu significado. As relacións semánticas entre palabras. Valores denotativos e connotativos en función da súa adecuación ao contexto e ao propósito comunicativo.
- Uso autónomo de dicionarios, manuais de gramática e outras fontes de consulta en soporte analóxico e dixital para obter información gramatical de carácter xeral.

UD	Título da UD	Duración
3	SD3. En galego non mola!	5

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.5 - Elaborar textos académicos coherentes, cohesionados e co rexistro adecuado arredor de temas curriculares ou de interese social e cultural, precedidos dun proceso de planificación que atenda á situación comunicativa, destinatario, propósito e canle, e de redacción e revisión de borradores entre iguais ou utilizando outros instrumentos de consulta.	Elaborar textos académicos coherentes, cohesionados e co rexistro adecuado arredor de temas curriculares ou de interese social e cultural.	PE	40
CA2.6 - Incorporar procedementos para enriquecer os textos, atendendo a aspectos discursivos, lingüísticos e de estilo, con precisión léxica e corrección ortográfica e gramatical.	Incorporar procedementos para enriquecer os textos, con precisión léxica e corrección ortográfica e gramatical.		
CA2.7 - Identificar o sentido global, a estrutura, a información relevante e a intención do emisor de textos escritos e multimodais especializados, con especial atención a textos académicos e dos medios de comunicación, realizando as inferencias necesarias e con diferentes propósitos de lectura.	Identificar o sentido global, a estrutura, a información relevante e a intención do emisor de textos escritos e multimodais.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Recoñecer e valorar as linguas da Península Ibérica e as variedades dialectais do galego, contrastando de maneira explícita e coa metalinguaxe apropiada aspectos lingüísticos e discursivos destas linguas en manifestacións orais, escritas e multimodais, diferenciando os trazos de lingua que responden á diversidade dialectal dos que se corresponden con sociolectos ou rexistros.	Recoñecer e valorar as linguas da Península Ibérica e as variedades dialectais do galego.		
CA1.2 - Cuestionar e refutar prexuízos e estereotipos lingüísticos adoptando unha actitude de respecto e valoración da riqueza cultural, lingüística e dialectal, atendendo á diversidade de normas cultas e estándares que se dan nunha mesma lingua, así como analizando e valorando a relevancia actual dos medios de comunicación e das redes sociais nos procesos de normalización lingüística.	Cuestionar e refutar prexuízos e estereotipos lingüísticos adoptando unha actitude de respecto e valoración da riqueza cultural, lingüística e dialectal.		
CA1.3 - Identificar e desterrar os usos discriminatorios da lingua, os abusos de poder a través da palabra e os usos manipuladores da linguaxe a partir da reflexión e análise dos elementos lingüísticos, textuais e discursivos utilizados, así como dos elementos non verbais que rexen a comunicación entre as persoas.	Identificar e desterrar os usos discriminatorios e manipuladores da lingua.		
CA1.4 - Utilizar estratexias para a resolución dialogada dos conflitos e a procura de consensos tanto no ámbito persoal como educativo e social.	Utilizar estratexias para a resolución dialogada dos conflitos.		
CA2.1 - Identificar o sentido global, a estrutura, a información relevante en función das necesidades comunicativas e a intención do emisor en textos orais e multimodais especializados propios de diferentes ámbitos analizando a interacción entre os diferentes códigos.	Identificar o sentido global, a estrutura, a información relevante en textos orais e multimodais propios de diferentes ámbitos.	TI	60
CA2.3 - Realizar exposicións e argumentacións orais formais extensas e nas que se recollan diferentes puntos de vista, con diferente grao de planificación sobre temas de interese científico e cultural e de relevancia académica e social axustándose ás convencións propias de cada xénero discursivo e facelo con fluidez, rigor, coherencia, cohesión e o rexistro adecuado en diferentes soportes, utilizando de maneira eficaz recursos verbais e non verbais.	Realizar exposicións e argumentacións orais formais con fluidez, rigor, coherencia, cohesión e o rexistro adecuado, utilizando de maneira eficaz recursos verbais e non verbais.		
CE2.9 - Elaborar traballos de investigación de maneira autónoma, en diferentes soportes, sobre diversos temas de interese académico, persoal ou social que impliquen localizar, seleccionar e contrastar información procedente de diferentes fontes, con especial atención á xestión do seu almacenamento e recuperación, así como á avaliación da súa fiabilidade e pertinencia; organizala e integrala en esquemas propios; e reelaborala e comunicala de maneira creativa, adoptando un punto de vista crítico e respectuoso coa propiedade intelectual.	Elaborar traballos de investigación localizando, seleccionando e contrastando información de diferentes fontes, organizala e integrala en esquemas; e reelaborala e comunicala.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CE2.10 - Avaliar a veracidade de noticias e informacións, con especial atención ás redes sociais e outros contornos dixitais, seguindo pautas de análises, contraste e verificación, facendo uso da ferramenta adecuada e mantendo unha actitude crítica fronte aos posibles nesgos da información.	Avaliar a veracidade de noticias e informacións, seguindo pautas de análises.		
<ul style="list-style-type: none"> - Estratexias avanzadas da reflexión interlingüística e sociolingüística. - Os medios de comunicación e as redes sociais nos procesos de normalización lingüística. - Estratexias de detección de prexuízos e estereotipos lingüísticos coa finalidade de combatelos. - Semellanzas e diferenzas lingüísticas e discursivas máis salientables entre as linguas da Península Ibérica, contrastándoas en manifestacións orais, escritas e multimodais. - Os xéneros discursivos desde o punto de vista da comprensión, produción e análise crítica de textos orais, escritos e multimodais. - Propiedades textuais: coherencia, cohesión e adecuación. - Xéneros discursivos propios do ámbito educativo Os textos académicos. - Xéneros discursivos propios do ámbito social. As redes sociais e medios de comunicación. - Procesos de comprensión, produción e análise crítica de diversos tipos de textos orais, escritos e multimodais. - Interacción oral e escrita de carácter formal: tomar e ceder a palabra. Cooperación conversacional e cortesía lingüística. - Comprensión oral: sentido global do texto e relación entre as súas partes, selección e retención da información relevante. A intención do emisor. Detección dos usos discriminatorios da linguaxe verbal e non verbal, dos abusos a través da palabra e dos usos manipuladores da linguaxe. Valoración da forma e o contido do texto. - Produción oral formal: planificación e procura de información, redacción e revisión. Adecuación á audiencia e ao tempo da exposición. Elementos non verbais. Trazos discursivos e lingüísticos da oralidade formal. A deliberación oral argumentada. - Comprensión lectora: sentido global do texto e relación entre as súas partes. A intención do emisor. Detección dos usos discriminatorios da linguaxe verbal e icónica. Os abusos de poder e a manipulación a través da linguaxe. Valoración da forma e o contido do texto. - Produción escrita: elaboración: planificación, redacción, revisión e edición en diferentes soportes. Corrección gramatical e ortográfica. Propiedade léxica.

Contidos

- Alfabetización mediática e informacional: procura autónoma e selección da información con criterios de fiabilidade, calidade e pertinencia; análise, valoración, reorganización e síntese da información en esquemas propios e transformación en coñecemento; comunicación e difusión da información reelaborada de maneira creativa e respectuosa coa propiedade intelectual. A xestión de contidos, o almacenamento e a recuperación da información relevante. Noticias falsas e verificación de feitos.
- Recoñecemento e uso discursivo dos elementos lingüísticos en textos orais, escritos e multimodais.
- Formas lingüísticas de expresión da subxectividade e da obxectividade e das súas formas de expresión nos textos.
- Recursos lingüísticos para adecuar o rexistro á situación de comunicación.
- Conectores, marcadores discursivos e outros procedementos léxico semánticos e gramaticais que contribúen á cohesión do texto.
- Relacións entre as formas verbais como procedementos de cohesión do texto con especial atención á valoración e ao uso dos tempos verbais.
- Corrección lingüística e revisión ortográfica, gramatical e tipográfica dos textos. Uso eficaz de dicionarios, manuais de consulta e de correctores ortográficos en soporte analóxico ou dixital.
- Os signos de puntuación como mecanismo organizador do texto escrito e a súa relación co significado.
- Uso autónomo de dicionarios, manuais de gramática e outras fontes de consulta en soporte analóxico e dixital para obter información gramatical de carácter xeral.

4.1. Concrecións metodolóxicas

No relativo á metodoloxía, a situación da sociedade multilingüe e plural na que vivimos demanda un enfoque de carácter plurilingüe e intercultural, cuxa finalidade sexa retirar as barreiras artificiais entre as linguas, polo que esta debe considerar a aprendizaxe de todas as linguas e culturas de xeito transversal e integrador no seu ensino e na súa aprendizaxe. De aí que botemos man do Tratamento Integrado das Linguas (TIL), para estimular non só a reflexión interlingüística, senón tamén a aproximación aos usos sociais reais, en que a miúdo se han de manexar simultaneamente dúas ou máis linguas. No contexto escolar, a aprendizaxe das linguas está dirixida ao logro de obxectivos similares, aínda que con diferentes niveis de dominio e diferentes situacións de partida para cada lingua. Non se pode obviar a situación

de minorización da lingua galega, que cómpre atender e dinamizar adecuadamente. Con esa finalidade, é preciso favorecer o uso e a aprendizaxe da nosa lingua de xeito que se impulse a súa normalización e se venzan as dificultades da súa menor presenza e repercusión social, motivadas en moitos casos por prexuizos que é necesario desmontar e superar. Deste xeito, o TIL parte da lingua propia de Galicia para fomentar un plurilingüismo inclusivo ao servizo da normalización do galego.

Non esquezamos que se aínda somos galegos é por obra e graza do idioma, como dicía Castelao. A lingua é a creación colectiva máis importante do pobo galego. Por iso, a súa normalización e preservación, é unha responsabilidade común. Desde a escola pódese facer moito para conservar ese ben cultural pero non podemos esquecer que é a sociedade, no seu conxunto, a que decide sobre as linguas que quere usar. A normalización lingüística é un proxecto de gran complexidade que excede o ámbito docente e, por suposto, a responsabilidade da materia de lingua galega e literatura; pero desde a nosa materia, como docentes dunha lingua minorizada, temos a obriga de insistir no porqué da situación social da lingua propia de Galicia e non só en como funciona esa lingua.

Mediante o diálogo intercultural póñense en xogo dispositivos de relación social esenciais, como son:

- o recoñecemento do outro como lexítimo,
- o reforzamento da identidade propia no recoñecemento da identidade das demais persoas,

- a aceptación da diversidade persoal, social e cultural,
- o respecto dos dereitos fundamentais.

Partindo das aprendizaxes previas adquiridas, a través de operacións e percepcións concretas na Educación Primaria e a través do desenvolvemento de operacións formais e de razoamentos lóxicos e conceptuais na ESO, o Bacharelato ten como finalidade proporcionar formación, madureza intelectual e humana, coñecementos, habilidades e actitudes que permitan desenvolver funcións sociais e incorporarse á vida activa con responsabilidade e aptitude. Así mesmo, esta etapa deberá permitir a adquisición e o logro das competencias indispensables para o futuro formativo e profesional, e capacitar para o acceso á educación superior.

Por outra parte, a actividade construtiva da alumna/o é o factor decisivo na realización das aprendizaxes escolares. É o alumno/a quen modifica e reelabora os seus esquemas de coñecemento, construindo a súa propia aprendizaxe. A aprendizaxe dunha lingua progresa en espiral, o que significa que a adquisición de novas habilidades debe ir paralela ao mantemento e á activación das dos cursos anteriores, pois sobre elas se asenta. Neste proceso o profesorado actuará como guía e mediador para facilitar a construción desa aprendizaxe. O profesorado ha de proporcionar oportunidades para poñer en práctica eses novos coñecementos.

Polo que o proceso de ensino ha de estar presidido pola necesidade de garantir a funcionalidade desas aprendizaxes, que non só son construción de

coñecementos senón tamén desenvolvemento de habilidades e estratexias de planificación da propia actividade de aprendizaxe. Será preciso integrar na práctica da aula tanto procedementos e as actitudes como os conceptos, necesarios todos para o desenvolvemento competencial do alumnado.

En consecuencia, pretendemos, reforzar os aspectos prácticos, polo tanto, cómpre poñer especial atención na oralidade e nas competencias activas: aproveitar os recursos que ofrece a biblioteca, o ENDLG, o auditorio do concello, así como fomentar as tecnoloxías da información e da comunicación, fomentar a investigación en grupo e o traballo colaborativo do alumnado. Polo que valoramos moito a participación do noso alumnado nas actividades que lles propoñemos (asistencia a representacións teatrais e á presentación de libros, asistencia a xornadas sobre a memoria histórica ou a obradoiros de boktoobers, produción de artigos arredor das súas lecturas ou de crónicas arredor das actividades nas que participan, realización de lecturas públicas...

En resumo, estas son as liñas metodolóxicas a seguir:

- . Fomentar a participación, a reflexión, tanto individual como grupal.
- . Operar non só sobre o concreto, senón tamén sobre conceptos, ideas.
- . Fomentar a formulación de hipóteses.
- . Buscar, seleccionar e tratar a información.
- . Fomentar a confrontación clara e respectuosa.
- . Insistir na ordenación, comparación e xerarquización

das ideas.

- Elaborar percorridos ordenados desde a formulación da hipótese até a comprobación dos resultados.
 - Expresar correcta, clara e ordenadamente os resultados.
 - Comprobar a aprendizaxe noutros contextos diferentes ao utilizado.
 - Relacionar os saberes aprendidos nas distintas materias.

4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
22 secuencias didácticas creadas en "Canva", para entregar impresas en papel ao alumnado.
Recursos aloxados en "Lingua e Literatura Galega 2º Bacharelato" da Aula Virtual do IES Félix Muriel
Web monográfica sobre a Literatura Galega: "Literatura Galega do s. XX e da actualidade"
Blog e web "Marlou"
Revista do ENDLG: "Bico da ría", para publicar as producións do alumnado.
Antoloxía de textos ao servizo da lectura guiada na aula.
Listado de lecturas recomendadas para a lectura autónoma.
Uso académico do móbil.

Os recursos aquí enumerados son de creación propia e serán achegados pola persoa docente en formato papel e/ou dixital. Pola súa banda, o alumnado deberá achegar:

- unha conta de correo electrónico (a corporativa do centro)
 - 10€ para sufragar os gastos en fotocopias (de todo o curso)
 - un móbil (en caso de posuílo)

Dado que os recursos achegados pola docente son dixitais, o alumnado debería poder servirse dun portátil dentro e fóra da aula, para manexarse coas ferramentas TIC axeitadamente e para salvagardar o planeta evitando o uso abusivo de fotocopias e papel. En caso de non dispor de portátiles suficientes, será preciso servirse dunha das vellas aulas de informática do centro.

5.1. Procedemento para a avaliación inicial

Antes de acabar o mes de setembro, realizarase a Avaliación Inicial para observar o grao de desenvolvemento das competencias clave do alumnado. De aí que o importante desa avaliación non sexa lembrar os contidos traballados no curso anterior senón as habilidades para poñer en práctica eses contidos, o seu saber facer.

Esta avaliación estruturarase en tres partes:

1. Avaliación da expresión oral a través da autopresentación na aula, á que seguirá o envío dun correo electrónico seguindo as indicacións dadas, polo que tamén se avaliarán as habilidades sociais, a competencia dixital e o grao de autonomía do alumno/a; así como a súa capacidade para aprender a aprender, mellorando no envío electrónico a tarefa realizada espontaneamente na aula.

2. Avaliación da comprensión oral das explicacións dadas na aula arredor do Caderno TIL que será necesario utilizar na Proba Escrita, polo que tamén se avaliará a capacidade de aprender a aprender e a autonomía da alumna/o.

3. Avaliación da comprensión e expresión escrita a través da realización dunha Proba, que consistirá na proba ABAU realizada na convocatoria ordinaria ou extraordinaria de 2023, se ben non serán tidos en conta os contidos específicos da Historiografía da Literatura ou da Historia da Lingua. Tamén servirá para avaliar a conciencia cultural do alumnado.

Acabada a avaliación inicial, esta servirá de punto de partida para a primeira das secuencias didácticas, que xira arredor da Comunicación. Ademais, segundo os resultados acadados polo alumnado, propóranse na Xunta de Avaliación as estratexias a seguir. Estas deberán pasar polos seguintes pasos:

- Entrevista ca alumna/o ou co grupo de alumnos/as que deban recibir de forma individual ou conxunta medidas de apoio e/ou reforzo, buscando a implicación e colaboración dos mesmos e procurando espertar a súa curiosidade e o seu interese cara o seu propio proceso de aprendizaxe.

- Reunión co resto do profesorado do alumno/a para acordar medidas de reforzo conxuntas, especialmente co profesorado das Linguas, na procura dun tratamento integrado das mesmas.

- Información á familia do alumnado, procurando a súa participación na evolución do proceso educativo da súa filla/o, buscando a súa colaboración nas medidas de reforzo que poidan posibilitar o seu progreso educativo a través do desenvolvemento de hábitos de traballo adecuados.

- Proposta de tarefas de reforzo que incidan de xeito individual na resolución dos problemas de aprendizaxe que cada un presente ou proposta dunha tarefa conxunta se for o caso.

- Incidir na Lectura como un instrumento básico de aprendizaxe, procurando a través dela o desenvolvemento de todas as competencias clave.

5.2. Criterios de cualificación e recuperación

Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8	UD 9	UD 10
Peso UD/ Tipo Ins.	5	5	5	4	4	4	4	4	5	5
Proba escrita	50	40	40	50	55	60	50	50	50	40
Táboa de indicadores	50	60	60	50	45	40	50	50	50	60

Unidade didáctica	UD 11	UD 12	UD 13	UD 14	UD 15	UD 16	UD 17	UD 18	UD 19	UD 20
Peso UD/ Tipo Ins.	5	5	5	4	4	4	4	4	5	5
Proba escrita	40	50	50	50	50	50	50	50	60	50
Táboa de indicadores	60	50	50	50	50	50	50	50	40	50

Unidade didáctica	UD 21	UD 22	Total
Peso UD/ Tipo Ins.	5	5	100
Proba escrita	60	60	50
Táboa de indicadores	40	40	50

Criterios de cualificación:

Peso dos instrumentos de avaliación no conxunto da

materia:

- Táboa de Indicadores: 50%
- Proba Escrita: 50%

Tendo en conta que o curso de 2º Bacharelato se comporta realmente como un curso propedéutico para acceder á formación superior, especialmente á universitaria a través das ABAU, resulta evidente que esa proba externa, ao final do curso académico, condiciona os obxectivos, a metodoloxía e a avaliación por competencias; pois debemos ter en conta as indicacións dadas pola CIUG .

Por iso, a PROBA ESCRITA que se realizará ao final de cada trimestre, suporá un 50% da nota da materia. O modelo que seguirá, mentres non se reciban outras indicacións por parte da CIUG, será o da Avaliación Inicial. Esta proba trimestral servirá de reforzo e/ou ampliación do proceso de ensino-aprendizaxe desenvolvido ao longo do trimestre, ademais de preparación da proba ABAU.

O 50% restante corresponderá ás TAREFAS DAS SECUENCIAS DIDÁCTICAS, distribuíndose cada trimestre do seguinte xeito:

- o Tarefas iniciais e tarefas secuenciadas ou posibilitadoras, a través de intervencións espontáneas ou planificadas na aula: 10%.
- o Tarefas finais, a través de producións textuais: 20%.
- o Tarefa de lectura autónoma, a través de reseñas dixitais (booktubes): 20%.

Para atender os contidos transversais e valorar o desempeño do alumnado en situacións de aprendizaxe real, botaremos man de ACTIVIDADES VOLUNTARIAS, que suporán poder sumar até 3 puntos, unha vez acadado o 5 na materia ou ámbito. A finalidade destas actividades son tres:

1. Atender á diversidade.

O alumnado caracterízase pola súa heteroxeneidade (diferentes coñecementos previos, diferentes intereses, diferentes situacións persoais, familiares ou sociais, etc.) polo que as persoas docentes debemos atender esa diversidade para dar resposta ás diferentes características, necesidades, ritmos de aprendizaxe, motivacións, intereses e situacións sociais e culturais de todo o alumnado; e debemos facelo non só a través dunha resposta educativa, de ensino-aprendizaxe formal, senón tamén a través da transmisión de valores. Para isto distinguiremos entre as TAREFAS da aprendizaxe formal e as ACTIVIDADES informais e de carácter voluntario, como tamén o son as Actividades Complementarias e Extraescolares que se programan cada curso nos centros de ensino.

2. Promover o voluntariado.

O voluntariado é unha das formas de participación social máis relevante e a xente nova debe familiarizarse con ela desde idades temperás. Nunha sociedade tan individualizada

como a actual, os centros de ensino deben potenciar actitudes de integración e solidariedade, que contribúan ao desenvolvemento persoal e profesional do alumnado e que, por outra parte, recollen os currículos. A aprendizaxe baseada en servizos á comunidade é unha boa ferramenta para fomentar o altruismo e impulsar o activismo social en relación, por exemplo, á igualdade entre homes e mulleres, á defensa do medio ou á procura da normalización da lingua galega.

3. Procurar os ODS da Axenda 2030.

A Axenda 2030, aprobada en 2015 e acordada por 193 países da ONU, é un plan de acción global para procurar dar solución aos grandes desafíos da Humanidade: como a igualdade entre as persoas e a protección do planeta. Presenta 17 Obxectivos de Desenvolvemento Sostible, entre os que se atopa o ODS4, “Educación de calidade”, consistente en garantir unha educación inclusiva e equitativa de calidade para todos e todas, que busca eliminar as disparidades de xénero no ensino e formar o alumnado para promover un desenvolvemento sostible.

Tendo en conta a diversidade do alumnado, as actividades voluntarias deben favorecer un trato igualitario, polo que deben ser diversas para que todo o alumnado poida, se quere, desenvolver algunha delas. Pola tipoloxía destas actividades e os valores que perseguen, evítanse aquelas que impliquen competición. Finalmente, a valoración das mesmas realízase por desenvolver unha actividade, non por pertencer a un grupo ou equipo de traballo (formar parte do ENDLG non puntúa).

Entre as actividades voluntarias o alumnado pode escoller:

- Desenvolver o compromiso coa dinamización da lingua e a promoción da cultura galega, asistindo a representacións teatrais ou proxeccións cinematográficas galegas, participando en certames, asistindo a parladoiros, usando o galego como lingua vehicular propia.
- Desenvolver o compromiso coa igualdade entre homes e mulleres e coa inclusión LGTBI, participando nos proxectos que se desenvolvan arredor do 25N, do 8M e do 17M ou 28X.
- Desenvolver o compromiso coa protección do medioambiente, participando en proxectos baseados en servizos á comunidade como Monte vivo.
- Desenvolver o hábito lector, realizando lecturas voluntarias.

A cualificación na avaliación ordinaria será a media das tres avaliacións sempre e cando a cualificación de cada unha delas sexa igual ou superior a “5”. No caso de obter unha media inferior á acadada na 3ª avaliación, manterase a desta última. Para obter a nota de cada trimestre e a final empregárase o redondeo á seguinte cifra enteira. A nota das Tarefas Voluntarias só poderá ser engadida unha vez obtido o cinco (5).

Criterios de recuperación:

Os/as alumnos/as serán informados/as do seu rendemento académico en cada unha das destrezas (comprensión escrita, expresión escrita, comprensión oral e expresión oral) e da cualificación obtida ao final de cada período de avaliación. O alumnado que presente dificultades no proceso de aprendizaxe será orientado para a realización de

determinadas tarefas que supoñan un reforzo e sirvan como recuperación das carencias presentadas. Esas tarefas incidirán no desenvolvemento competencial do alumnado, non na adquisición de contidos novos ou na memorización doutros xa coñecidos. Neste caso a lectura e o uso do Caderno TIL para a realización das tarefas que se indiquen será esencial.

Non existen realmente criterios de recuperación, pois a aprendizaxe da lingua é constante e continua, trátase de seguir desenvolvendo as competencias clave e as destrezas lingüísticas, trátase de realizar tarefas que permitan a mellora das competencias comunicativa e plurilingüe, polo que o que importa é acadar o 5 para superar a materia na convocatoria ordinaria do mes de maio.

Se unha alumna ou alumno non puidese realizar a avaliación inicial será avaliado a través da Tarefa de Reforzo da primeira secuencia didáctica. Por outro lado, se non puidese entregar en prazo unha tarefa, proporáselle un novo prazo en caso de ter unha razón que o xustifique ou que o non cumprimento dos prazos sexa algo excepcional. De repetirse esta circunstancia, non se recollerán tarefas fóra de prazo. Finalmente, se unha alumna ou alumno non pode realizar a proba escrita trimestral e presenta un xustificante adecuado, poderá realizar dita proba noutra data acordada coa persoa docente.

6. Medidas de atención á diversidade

As medidas de atención á diversidade estarán orientadas, como se sinala no Decreto 133/2007, a responder ás necesidades educativas concretas do alumnado e á consecución das competencias básicas e dos obxectivos da educación secundaria obrigatoria e non poderán, en ningún caso, supoñer unha discriminación que lles impida alcanzar os devanditos obxectivos e a titulación correspondente.

Partindo do proxecto curricular, haberá que realizar as adaptacións necesarias para atender á diversidade do alumnado. Cremos que hai que ter en conta o feito de que as diferenzas de partida que hai entre o alumnado impiden conseguir obxectivos idénticos. Trátase de avaliar o camiño transcorrido desde a Avaliación Inicial e individual até a Avaliación Final. Por iso no servimos das

seguintes medidas:

- Flexibilidade nos tempos de entrega de tarefas.
 - Atención individualizada fóra das sesións lectivas a través de plataformas dixitais.
 - Uso dunha aula de informática (en caso de non dispor de portátiles) para supervisar a navegación pola aula virtual e o desempeño do alumnado coas TICs.
 - Sesións extraordinarias de traballo, fóra do horario lectivo, para atender ás necesidades dunha alumna/o.
 - Deseño de tarefas diversas, adaptadas a distintos ritmos de aprendizaxe.
 - Uso de recursos diferentes para achegar os contidos e as explicacións a tod@s.
 - Aplicación de diferentes instrumentos de avaliación adaptados ás necesidades do alumnado.
 - Incorporación en determinadas Secuencias Didácticas de Actividades de Reforzo.
 - Uso do Traballo de investigación como instrumento favorecedor das técnicas de traballo autónomo que permite a cada alumna/o aplicar o ritmo e a forma de traballo máis axeitada ás súas características individuais.
 - Uso dos Comentarios de distintos tipos de textos, con diferentes graos de dificultade, para formar persoas críticas, mellorar a comprensión e a expresión e atender os gustos ou intereses de cada alumna/o.
 - Listaxe de Lecturas Voluntarias ao servizo da diversidade do alumnado.
 - Deseño de Actividades Voluntarias para desenvolver os contidos transversais e o traballo colaborativo.

7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8
ET.1 - Fronte ao consumismo do Nadal, comercio xusto! ¿ Tomar conciencia das situacións de desigualdade económica, cultural, relixiosa, lingüística do mundo entendendo que, máis que un mal inevitábel, son realidades que se poden cambiar.					X			
ET.2 - Castelao e a paz. ¿ Analizar as causas dos conflitos no mundo, tanto a nivel de relacións interpersoais como a nivel de Estados. Aprender a importancia de resolver as discrepancias a través do diálogo, o respecto e a tolerancia.	X		X	X				
ET.3 - Día da lingua nai. ¿ Valorar as linguas como instrumentos de comunicación en pé de igualdade e insistir na importancia de todas elas como símbolos de identidade dos seus falantes e como as maiores e mellores expresións culturais dos pobos que as crearon, para que todas e todos desfruten dos mesmos dereitos.			X	X			X	
ET.4 - Universo Entroido. ¿ Fomentar o interese por coñecer outras culturas diferentes da nosa. Aprender a respectalas e a valoralas.								
ET.5 - Monte vivo. ¿ Fomentar o respecto polo medio ambiente e adquirir hábitos que contribúan á súa conservación.		X						

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8
ET.6 - Do 25N ao 8M, camiñando entre mulleres. ¿ Identificar e corrixir as actitudes que resulten discriminatorias ou ofensivas coas mulleres. Eliminar os compoñentes sexistas no uso da lingua	X	X						X
ET.7 - Orgullos@s. ¿ Aprender a vivir a propia sexualidade con responsabilidade e madurez, respectando as opcións e comportamentos sexuais dos demais.								
ET.8 - InFormarNos. ¿ Entender a importancia de estar ben informados dos aspectos máis relevantes da sociedade e mostrar unha actitude crítica ante as mensaxes procedentes dos medios de comunicación.	X							

	UD 9	UD 10	UD 11	UD 12	UD 13	UD 14	UD 15	UD 16
ET.1 - Fronte ao consumismo do Nadal, comercio xusto! ¿ Tomar conciencia das situacións de desigualdade económica, cultural, relixiosa, lingüística do mundo entendendo que, máis que un mal inevitábel, son realidades que se poden cambiar.	X							
ET.2 - Castelao e a paz. ¿ Analizar as causas dos conflitos no mundo, tanto a nivel de relacións interpersoais como a nivel de Estados. Aprender a importancia de resolver as discrepancias a través do diálogo, o respecto e a tolerancia.								

	UD 9	UD 10	UD 11	UD 12	UD 13	UD 14	UD 15	UD 16
ET.3 - Día da lingua nai. ¿ Valorar as linguas como instrumentos de comunicación en pé de igualdade e insistir na importancia de todas elas como símbolos de identidade dos seus falantes e como as maiores e mellores expresións culturais dos pobos que as crearon, para que todas e todos desfruten dos mesmos dereitos.			X		X			
ET.4 - Universo Entroido. ¿ Fomentar o interese por coñecer outras culturas diferentes da nosa. Aprender a respectalas e a valoralas.						X	X	
ET.5 - Monte vivo. ¿ Fomentar o respecto polo medio ambiente e adquirir hábitos que contribúan á súa conservación.				X				
ET.6 - Do 25N ao 8M, camiñando entre mulleres. ¿ Identificar e corrixir as actitudes que resulten discriminatorias ou ofensivas coas mulleres. Eliminar os compoñentes sexistas no uso da lingua								X
ET.7 - Orgullos@s. ¿ Aprender a vivir a propia sexualidade con responsabilidade e madurez, respectando as opcións e comportamentos sexuais dos demais.								
ET.8 - InFormarNos. ¿ Entender a importancia de estar ben informados dos aspectos máis relevantes da sociedade e mostrar unha actitude crítica ante as mensaxes procedentes dos medios de comunicación.		X						

	UD 17	UD 18	UD 19	UD 20	UD 21	UD 22
ET.1 - Fronte ao consumismo do Nadal, comercio xusto! ¿ Tomar conciencia das situacións de desigualdade económica, cultural, relixiosa, lingüística do mundo entendendo que, máis que un mal inevitábel, son realidades que se poden cambiar.						
ET.2 - Castelao e a paz. ¿ Analizar as causas dos conflitos no mundo, tanto a nivel de relacións interpersoais como a nivel de Estados. Aprender a importancia de resolver as discrepancias a través do diálogo, o respecto e a tolerancia.				X		X
ET.3 - Día da lingua nai. ¿ Valorar as linguas como instrumentos de comunicación en pé de igualdade e insistir na importancia de todas elas como símbolos de identidade dos seus falantes e como as maiores e mellores expresións culturais dos pobos que as crearon, para que todas e todos disfruten dos mesmos dereitos.					X	
ET.4 - Universo Entroido. ¿ Fomentar o interese por coñecer outras culturas diferentes da nosa. Aprender a respectalas e a valoralas.						
ET.5 - Monte vivo. ¿ Fomentar o respecto polo medio ambiente e adquirir hábitos que contribúan á súa conservación.						
ET.6 - Do 25N ao 8M, camiñando entre mulleres. ¿ Identificar e corrixir as actitudes que resulten discriminatorias ou ofensivas coas mulleres. Eliminar os compoñentes sexistas no uso da lingua						

	UD 17	UD 18	UD 19	UD 20	UD 21	UD 22
ET.7 - Orgullos@s. ¿ Aprender a vivir a propia sexualidade con responsabilidade e madurez, respectando as opcións e comportamentos sexuais dos demais.			X			
ET.8 - InFormarNos. ¿ Entender a importancia de estar ben informados dos aspectos máis relevantes da sociedade e mostrar unha actitude crítica ante as mensaxes procedentes dos medios de comunicación.					X	X

Observacións:

Ademais dos contidos específicos da materia de LGL, o noso Departamento contribuirá á formación integral do alumnado mediante actividades que desenvolvan aspectos transversais fundamentais para a aprendizaxe en valores esenciais como a igualdade, a responsabilidade, a solidariedade e a tolerancia.

Os temas transversais serán tratados en textos de natureza diversa que serán analizados ao longo do curso e poderán tamén servir de punto de partida para reflexións persoais expostas por escrito ou ben en diálogos e debates orais durante a clase. Tamén se poderá partir doutros materiais audiovisuais que, referíndose ao currículo da nosa materia, teñan relación con algún dos temas transversais.

O profesorado será sempre claro referente na dirección ética axeitada que se deba adoptar en cada caso, sen menosprezo da liberdade de pensamento que, dentro dos límites do razoábel, poidan presentar as/os alumnas/os e corraxirá aquelas actitudes e opinións que considere lesivas para os valores expostos no primeiro parágrafo deste apartado ou contrarias aos dereitos humanos.

Un dos obxectivos da nosa área é o desenvolvemento do pensamento crítico da alumna/o. Este pensamento crítico debe contextualizarse na realidade da sociedade galega, neste sentido a técnica do comentario crítico, a elaboración de artigos e informes tras a investigación dun determinado asunto na prensa, ponse ao servizo do tratamento dos temas transversais; así como o uso das

novas tecnoloxías e a dinamización da vida cultural do centro por parte do alumnado.

7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Samaín	Certame de microrrelatos	X		
Día da Ciencia en Galego	Videoconferencias	X		
Actividade 25N	Manifesto e acto en memoria das vítimas	X		
Semana Castelao	Charlas e presentacións polas aulas		X	
Día de Rosalía	Recitado e actos co concello		X	
Día da lingua nai	Mensaxes e producións textuais		X	
Entroido	Coplas críticas		X	
Actividade 8M	Protesta e reivindicación. Manifesto		X	
Día da poesía	Creación			X
Día das Artes Galegas	Deseño			X
Día do Libro	Lecturas e Feira			X
Actividade 25Abril	Canto e caraveis			X
Letras Galegas	Recitado, dramatización ou narración de textos do autor/a a quen se lle dedique o día			X

Observacións:

Cada curso, este Departamento xunto co ENDLG, e en ocasións en colaboración coa Biblioteca, desenvolve as actividades voluntarias complementarias que se sinalaron arriba. As actividades deste Departamento céntranse na investigación arredor da lingua, cultura, historia e tradicións do medio ao que pertence o alumnado. O resultado das mesmas pódese ollar na revista dixital do ENDLG: Bico da ría.

Ademais, formamos parte do equipo de igualdade, ocupándonos de crear un grupo de traballo feminista co alumnado de 2º de bacharelato. Aquí naceu o Glosario violeta, que seguirá desenvolvéndose este curso.

8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
PLANIFICACIÓN. 1. Programa a materia tendo en conta os estándares de aprendizaxe previstos na normativa legal vixente.
PLANIFICACIÓN. 2. Programa a materia tendo en conta os plans e proxectos educativos do centro.
PLANIFICACIÓN. 3. Programa a materia tendo en conta o tempo dispoñible para o desenvolvemento desta.
PLANIFICACIÓN. 4. Formula os obxectivos didácticos de forma que expresen as competencias a acadar polo alumnado.
PLANIFICACIÓN. 5. Programa actividades e estratexias en función dos estándares de aprendizaxe e das necesidades do alumnado.
PLANIFICACIÓN. 6. Planifica as clases de modo flexible, preparando actividades e recursos axustados á programación da aula e ás necesidades e aos intereses do alumnado.
PLANIFICACIÓN. 7. Establece, de xeito explícito, os criterios, procedementos e instrumentos de avaliación.
PLANIFICACIÓN. 8. Coordínase co resto do profesorado do departamento e do centro que poidan ter contidos afíns (Tratamento Integrado de Linguas).
DESENVOLVEMENTO. 1. Organiza os contidos dando unha visión xeral de cada tema (índices, esquemas...)
DESENVOLVEMENTO. 2. Relaciona os conceptos novos cos xa coñecidos.
DESENVOLVEMENTO. 3. Amosa predisposición para aclarar dúbidas e ofrecer asesorías dentro e fóra das clases.
DESENVOLVEMENTO. 4. Optimiza o tempo dispoñible para o desenvolvemento do Proxecto.
DESENVOLVEMENTO. 5. Utiliza as TICs para apoiar os contidos na aula.

DESENVOLVEMENTO. 6. Promove o traballo colaborativo e mantén unha comunicación fluída co alumnado.
DESENVOLVEMENTO. 7. Desenvolve os contidos dunha forma ordenada e comprensible para os alumnos e as alumnas.
DESENVOLVEMENTO. 8. Elabora actividades que permitan a adquisición dos estándares de aprendizaxe.
DESENVOLVEMENTO. 9. Presenta actividades de grupo e individuais.
DESENVOLVEMENTO. 10. Facilita estratexias de aprendizaxe (como buscar información, como resolver problemas,¿)
SEGUIMENTO E AVALIACIÓN. 1. Realiza a avaliación inicial ao principio do curso para axustar a programación ao nivel do alumnado.
SEGUIMENTO E AVALIACIÓN. 2. Detecta os coñecementos previos a cada tarefa de aprendizaxe.
SEGUIMENTO E AVALIACIÓN. 3. Revisa, con frecuencia, os traballos propostos na aula e fóra dela.
SEGUIMENTO E AVALIACIÓN. 4. Proporciona a información necesaria sobre a resolución das tarefas e como pode melloralas.
SEGUIMENTO E AVALIACIÓN. 5. Corrixe e explica de forma habitual os traballos e as actividades do alumnado e dá pautas para a mellora das súas aprendizaxes.
SEGUIMENTO E AVALIACIÓN. 6. Utiliza sistematicamente procedementos e instrumentos variados de recollida de información.
SEGUIMENTO E AVALIACIÓN. 7. Utiliza suficientes criterios de avaliación que atendan de xeito equilibrado á avaliación dos diferentes contidos e das competencias clave.
SEGUIMENTO E AVALIACIÓN. 8. Favorece os procesos de autoavaliación e coavaliación.
SEGUIMENTO E AVALIACIÓN. 9. Propón novas actividades que faciliten a adquisición de obxectivos cando estes non foron alcanzados suficientemente.
SEGUIMENTO E AVALIACIÓN. 10. Propón novas actividades de maior nivel cando os obxectivos foron alcanzados con suficiencia.
SEGUIMENTO E AVALIACIÓN. 11. Emprega diferentes medios para informar dos resultados aos estudantes e aos pais e nais.
MOTIVACIÓN DO ALUMNADO. 1. Proporciona un plan de traballo ao principio de cada tarefa.
MOTIVACIÓN DO ALUMNADO. 2. Utiliza distintos recursos para introducir a unidade (lecturas, cancións, vídeos, debates, diálogos...).
MOTIVACIÓN DO ALUMNADO. 3. Relaciona as aprendizaxes con aplicacións reais ou coa súa funcionalidade.
MOTIVACIÓN DO ALUMNADO. 4. Informa sobre os progresos acadados e as dificultades atopadas.
MOTIVACIÓN DO ALUMNADO. 5. Relaciona os contidos e actividades cos intereses do alumnado.
MOTIVACIÓN DO ALUMNADO. 6. Estimula a participación activa dos estudantes na clase.
MOTIVACIÓN DO ALUMNADO. 7. Promove a reflexión sobre os temas tratados.

Descrición:

Estes Indicadores de Logro cubriranse cos resultados da enquisa para a Avaliación do Labor Docente realizada polo alumnado de xeito anónimo, a través dun formulario

na Aula Virtual.

8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

O proceso de avaliación servirá para constatar o nivel de éxito á hora de acadar os obxectivos propostos. Será continuo e aberto e será esencial no proceso de autocorrección dunha programación que é susceptible de ser modificada a partir da experiencia real nas aulas, o que redundará no seu valor formativo. Analizará as deficiencias e logros en todo o proceso de ensino-aprendizaxe e aportará instrumentos útiles para a mellora da dinámica educativa en todos os seus aspectos.

O proceso de avaliación deberá ser abordado en dous niveis complementarios:

a) A avaliación da programación en si, en tanto que instrumento pedagóxico.

Trátase de verificar se o dispositivo pedagóxico empregado é adecuado e cales son os aspectos en que se poderían presentar maiores conflitos:

- no nivel de profundidade dos contidos expostos,
- na idoneidade da secuenciación dos mesmos,
- no nivel de complexidade dos mecanismos empregados no proceso de ensino-aprendizaxe (sobre todo no emprego das TIC),
- na efectividade das actividades e lecturas propostas,
- na idoneidade dos materiais curriculares empregados...

A través das reunións semanais de departamento, iranse analizando estas cuestións e realizaranse as

m o d i f i c a c i ó n s p u n t u a i s
que se consideren oportunas, neste mesmo curso sempre que for posíbel, ou tomarase nota delas para reformalas de cara a próximos cursos.

b) A avaliación da interactuación do alumnado coa programación.

Trátase de avaliar o nivel de resposta do alumnado coa acción pedagóxica e a capacitación deste á hora de avanzar nas diferentes competencias educativas que poida integrar.

- Competencia en comunicación lingüística: a observación das habilidades do alumnado para empregar correctamente a linguaxe, tanto na comunicación oral como na escrita, saber interpretar mensaxes dunha certa complexidade e estar capacitado para emitir xuízos críticos, xerando ideas propias e adoptando decisións persoais.

- Tratamento da información e competencia dixital: as actividades realizadas con axuda das TICs contribuirán notablemente a desenvolver a capacidade do alumnado para obter e procesar información dos novos soportes informáticos, transmitir e transformala en coñecemento. A avaliación desta competencia será fundamental para analizar a eficacia pedagóxica destas estratexias.

- Competencia social e cidadá: a participación activa do alumnado na aula, fisicamente ou a través da aula virtual, favorecerá a intercomunicación entre o alumnado en tarefas comúns, a capacidade para valorar tanto as

opinións propias como as alleas e integrais de maneira coparticipativa nunha única dinámica de ensinanza-aprendizaxe.

- Competencia cultural e artística: En boa parte, os contidos do currículo, fundamentalmente de literatura, abórdanse desde unha perspectiva interdisciplinar, vinculándose a outras expresións artísticas e culturais coas que mantén unha relación directa. Será importante avaliar a capacidade do alumnado para entender, a partir desa visión, o fenómeno da literatura como unha mostra artística integrada no conxunto das manifestacións culturais dunha sociedade determinada. Por outro lado, avaliarase a súa competencia para empregar os recursos propios da expresión literaria en traballos de creación que se irán propoñendo ao longo do curso.

- Autonomía e iniciativa persoal: a procura individual de información, a responsabilidade persoal á hora de discriminala, a capacidade para aportar iniciativas ao grupo, servirán para avaliar esta competencia, para analizar até que punto cada alumno/a é capaz de responder aos retos que se lle presentan á hora de tomar decisións que teñan repercusións na súa contorna pedagóxica (e por extensión, na súa vida).

Finalmente, a elaboración da Memoria Final servirá para concretar a avaliación desta programación didáctica.

9. Outros apartados

